

**PROPOSTAS
DIDÁCTICAS
ARREDOR
DOS RITOS
FESTIVOS**



TESOUROS VIVOS NO CAMIÑO DE INVERNO //

AMPARO E O MECO DE QUIROGA



Visualizade este vídeo.

Este Tesouro Vivo é **Amparo Montenegro** da **parroquia da Ermida de Quiroga** onde, desde que ela ten acordo, o **Meco e as Pampónigas** toman o adro da igrexa cada 8 de setembro e, aínda que de pequena lles tiña medo, hoxe fai porque este rito festivo non perda a boa saúde da que goza, contaxiando do sentimento as vindeiras xeracións para que estas o continúen a celebrar e transmitir.



OS RITOS FESTIVOS



Investigade

Que é un rito festivo?

Tipos de ritos festivos.

Ritos festivos que se celebran na vosa zona.

Ritos festivos nos que participades (San Xoán, Entroido, aniversarios etc).

Fixádevos nos elementos que o compoñen e se repiten en cada celebración.

Para saber máis

A maior parte dos ritos festivos teñen orixe en tempos inmemoriais e foron transmitidos de xeración en xeración ata chegar aos nosos días, pero foron creados nalgún momento e foron adaptándose aos tempos para conseguir, así, e por repetición cíclica, que os sigamos a celebrar hoxe.



Propoñémosvos un reto: inspirándoos na información recabada, create o voso propio rito festivo e celebrádeo cada ano, a ver se sodes quen de facelo tradicional!



Para isto, podeades fixarvos na iniciativa da asociación veciñal da Cacharela de Lalín que, inspirándose en celebracións do rito de Entroido locais e doutras latitudes, crearon colaborativamente o seu propio rito de celebración, e levan xa unha ducia de anos celebrándoo dese xeito.

Festa do Cacharelo I.
Festa do Cacharelo II.





Para facer unha **investigación en profundidade** na vosa contorna, podeades apoiarvos nesta iniciativa extremeña:

Los rituales festivos: Patrimonio inmaterial, aplicación didáctica y proyecto de investigación en Extremadura



OS PERSONAXES



Logo de formarnos e inspirarnos, veredes que son moi diversas as posibilidades de tipoloxía e elementos dun rito festivo. Como podemos ver nos exemplos de Quiroga e Lalín, a existencia dun personaxe simbólico é un dos elementos festivos aos que é habitual recorrer, polo que vos **propoñemos crear o voso propio personaxe**. Para isto podemos dar os seguintes pasos:



Creación do personaxe:

Facede choiva de ideas contestando as seguintes preguntas:

Que vai simbolizar o personaxe? Hai unha lenda detrás del?

Que nome vai recibir?

Que mensaxe vai transmitir?

Como vai interactuar coas persoas asistentes?

En que data e lugar vai facer a súa aparición?

Que requisitos precisa reunir a(s) persoa(s) que o(s) porten?

Que vestimenta vai levar e por que? Leva máscara? Porta algún outro elemento para interactuar coa xente?

De entre as propostas feitas, **decidide cales serán as escollidas**, ben mediante votación popular, ben debaténdoo en asemblea.



Elaboración do personaxe:

Unha vez decidido todo o anterior, é hora de facer as propostas creativas para materializar o personaxe creado.

Para isto, podedes facer un **concurso de deseños**. Convidamos a que cada quen faga unha exposición do seu deseño e a proposta máis votada será a que se materializará.

Para **materializalo**, podedes botar man dos coñecementos e colaboración da veciñanza para elaborar a vestimenta e demais elementos que portará.



A historia detrás do personaxe. Creación literaria:

Logo de decidir o por que da existencia deste personaxe, de que maneira se lle vai comunicar á comunidade? A través dunha lenda pode ser unha fantástica maneira.

Inspirádevos noutras lendas e create a propia para o voso personaxe.

Aquí tes unha guía para **talleres de escritura creativa**.






Un rito festivo para o futuro!

Na data e lugar decididos, e previo anuncio se o estimades conveniente, fará a aparición o voso personaxe. Acabades de poñer unha semente dun posible rito festivo e de vós depende que perviva nos anos e se converta en tradición. E iso só o acadaredes se conseguides que a xente se sinta identificada e o celebrades cada ano, de maneira que as persoas participantes vos sintades parte del e llo transmitades ás seguintes xeracións.

Imaxinades que as vosas netas e netos acaben celebrando un rito creado por vós?


RECURSOS




Para saber aún más

**Sitios webs, publicaciones e
selección bibliográfica**

 **Galicia encantada. Enciclopedia da Fantasía Popular de Galicia:** <https://galiciaencantada.com/>

 “Dinámica festiva do Concello de Quiroga (Lugo)”, de José Manuel Blanco Prado. Publicado en Lucensia nº 49, 2014. Biblioteca Seminario Diocesano. Lugo e recollido na web da AELG (Asociación Escritores e Escritoras en Lingua Galega):
https://www.aelg.gal/resources/centrodoc/members/paratexts/pdfs/autor389/PT_paratext9059.pdf

 “O meco e as Pampónigas. Simbología de dous persoeiros lendarios de A Ermida (Quiroga)”, de José Manuel Blanco Prado. Artigo publicado na Revista Lucensia. Boletín do Seminario Diocesano de Lugo, nº 49, 2014 e recollido na web mesondoforno.com:
<https://mesondoforno.com/o-meco-e-as-pamponigas-simbologia-de-dous-persoeiros-lendarios-de-a-ermida-quiroga/>

**Publicación feita por Xandobela | Educación e Cultura
ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021
da Xunta de Galicia**

AUTORAS:

María Jesús (Chus) Caramés Agra e Nerea Couselo Fernández.
Decembro 2020.

MÁIS INFORMACIÓN:

<http://xandobela.info/>
<https://www.proxectotesourosvivos.gal/>
info@xandobela.info





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia